

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 181/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 4 de novembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de novembro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se resolve admitir o acceso á información sobre o Xacobeo 21-22 á que se refire a súa solicitude de data 26 de setembro de 2022.

XXX indica que solicitou á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, coñecer o importe global das aportacións económicas procedentes de empresas privadas en concepto de patrocinio que se incorporaron ao fondo do Xacobeo 21-22, o desglose coas empresas e as aportacións feitas por cada unha delas como patrocinio para ese fondo, se a Xunta ten un cálculo da cantidade que supoñen as desgravacións fiscais para estas empresas que aportan fondos a través de patrocinios e o cálculo, de forma individualizada e tamén global, do importe das desgravacións fiscais para esas empresas.

A resolución admitiu o acceso dándolle a información a través do portal Xacobeo 2021 do que lle remiten o enlace. Indica a interesada que no enlace figuran os nomes dos patrocinadores, pero non o resto de información que se solicitou, como as aportacións feitas por cada un deles e o impacto das desgravacións fiscais.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 8 de novembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia Turismo de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida pola Axencia con data do 10 de novembro de 2022.

Terceiro. Con data do 29 de novembro de 2022 a Axencia Turismo de Galicia contesta a petición remitindo o informe no que en resumo indícase que na páxina web á que se remitiu á XXX hai un apartado concreto dedicado ao patrocinio, no que se fan unha serie de consideracións xerais, nas que se indica que as formas xurídicas mediante as cales as persoas físicas e xurídicas poden contribuir á programación do Xacobeo 2021 son o convenio de colaboración con empresas, contrato de patrocinio e convocatorias públicas e competitivas. Na páxina hai dous documentos de descarga, un relativo aos beneficios fiscais polo apoio ao Xacobeo 2021 e un manual de información para empresas patrocinadoras e finalmente aparece a relación de empresas patrocinadoras.

Indica o informe que no manual de información para empresas patrocinadoras que se pode descargar, aparece o papel que xoga o Consejo Jacobeo, órgano de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e as CCAA, no procedemento de certificación acreditativa e recoñecemento dos beneficios fiscais ás empresas patrocinadoras, polo que é este o órgano que pode dispoñer da información solicitada pola interesada e que esta sinala que Turismo de Galicia non lle facilitou.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A resolución recorrida foi notificada á interesada o 29 de outubro de 2022, segundo consta no expediente, e a reclamación presentouse con data do 4 de novembro de 2022, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou coñecer o importe das aportacións económicas de empresas privadas ao fondo do Xacobeo 21-22, con desglose do aportado por cada empresa e o cálculo das cantidades que supoñen as desgravacións fiscais para estas empresas e se lle remitiu un enlace á web o que figuran os nomes dos patrocinadores, pero as aportacións feitas e as desgravacións fiscais.

A Axencia Turismo de Galicia informa que na dita web, existe un manual de información no que figuran as funcións que ten atribuídas o *Consejo Xacobeo*, no procedemento de certificación acreditativa e recoñecemento dos beneficios fiscais ás empresas patrocinadoras, e que é este órgano o que pode dispoñer da información solicitada.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, sen que se poida admitir que se lle remita unicamente un *link* á

información publicada na web do organismo no que contense unicamente parte da información solicitada.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe.

No caso de que se solicite unha información ou documentación que non obre en poder do órgano ao que se lle solicita, de conformidade co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, ten este a obriga de remitir a solicitude ao órgano que posúa esa información, debendo informar desta circunstancia ao solicitante, obriga que neste caso a Axencia non cumpriu.

De acordo co anterior, debe Axencia Turismo de Galicia remitir a solicitude da reclamante a *Consejo Jacobeo* para que resolva sobre a mesma, comunicando esta circunstancia á solicitante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 4 de novembro de 2022, contra a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se resolve admitir o acceso á información sobre o Xacobeo 21-22 á que se refire a súa solicitude de data 26 de setembro de 2022.

Segundo: Instar á Axencia Turismo de Galicia a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo co indicado no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Axencia Turismo de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.